

MODELO GALEGO DE BANDA DE GAITAS



MODELO ESCOCÉS DE BANDA DE GAITAS




COLECTIVO EN DEFENSA DA GAITA



GAITAS MARCIANAS, invasión escocesa en Galicia

O Colectivo en Defensa da Gaita (CDG), constituído por gaiteiros e non gaiteiros, ten a idea de INFORMAR, CONCIENCIAR e REACCIONAR ante a cada vez máis preocupante situación que está a atravesala gaita galega como instrumento tradicional e popular, tendo na actualidade como principal ameaza a implantación do modelo cultural escocés nas bandas de gaitas (referente ás gaitas, percusión, vestimenta, estética, estilo musical, pezas que se interpretan, etc.) suplantando ós nosos propios e autóctonos rasgos de identidade como país e cultura.

EDICIÓN ESPECIAL





¿ORIXINAL OU COPIA? TI ELIXES



Colectivo en Defensa da Gaita (CDG) © CDG 2001

INDICE

OBXECTIVOS

Quen somos e que pretendemos

INTRODUCCIÓN

Artigo de opinión:

“SERMOS NÓS MESMOS OU SERMOS DE FORA” por Raúl Galego

PRESENTACIÓN

Nacemento dun fenómeno que non ten que ver coa tradición cultural e musical de Galicia. O porqué desta polémica. A “Guerra das gaitas”. A Escola Provincial de Gaitas e a Real Banda de gaitas da Deputación de Ourense. Xosé Lois Foxo.

ANÁLISE

Engano sistemático e intencionado ó pobo galego sobre a autenticidade deste experimento. Bases argumentais e xustificacións históricas.

Agresión á identidade cultural e musical de Galicia. Puntos a analizar neste tipo de bandas de gaitas que copian o estilo escocés. Imposición dun modelo cultural cuns elementos inexistentes na tradición musical galega. Proceso de colonización e expansión destas bandas pro-escocesas.

Financiación pública de institucións e organismos oficiais (Deputación de Ourense, Xunta de Galicia, TVG...).

Connotacións políticas e intereses económicos. A Liga ¿Galega? de Bandas de Gaitas e o seu regulamento. Institucionalización da gaita. Actos multitudinarios: a lexitimidade pública desta gran farsa.

CONCLUSIÓN

Chamamento á reflexión e implicación da sociedade. Se non “loitamos” @s galeg@s...¿quen o vai facer? A importancia de reflexionar e implicarse pola defensa da nosa música.

Accións en contra deste fenómeno. Ideas do que se pode facer.

Bandas de gaitas tradicionais: o respecto ó noso pasado. Exemplos.

BIBLIOGRAFÍA

AGRADECEMENTOS

OBXECTIVOS

Quen somos e que pretendemos

O **Colectivo en Defensa da Gaita** (CDG) nace como consecuencia directa da inqueda e preocupación dun grupo de xente, gaiteiros e non gaiteiros, para denuncia-la gravísima situación que dende hai xa uns anos está a atravesar-la gaita galega como instrumento tradicional e popular, tendo na actualidade como principal ameaza a implantación do **MODELO CULTURAL ESCOCÉS** nas bandas de gaitas (referente ás gaitas, percusión, vestimenta, estética, pezas que se interpretan, estilo musical, etc.) suplantando ós nosos propios e autóctonos rasgos de identidade como país e cultura. Este fenómeno está a destruír e aldraxar-la nosa tradición musical, implantándose progresivamente un estilo musical alleo (coa utilización de elementos inusuais e inexistentes na nosa tradición, copiados das bandas escocesas) e a posterior substitución do modelo galego polo escocés neste tipo de agrupacións pseudo-galegas.

Os membros que formamos parte do CDG non pretendemos ir contra ningún. Non imos contra os gaiteiros e percusionistas que están sendo partícipes deste gran engano para o proveito duns poucos. Non imos contra a música escocesa, admirámola como manifestación cultural dun pobo tan respectable coma o noso. Non imos contra a innovación (emprego de novas tonalidades nas gaitas ou de novos materiais sen modifica-la esencia dos instrumentos, etc.), sempre e cando ésta sexa natural (non copiada nin imposta intencionadamente) e respecte a tradición (non a destrúa). Pero si imos contra ese sistema que foi implantado por certas persoas que non teñen compromiso nin respecto pola nosa música, infravalorándose e mostrando un incomprensible complexo de inferioridade musical con respecto a outros países.

Queremos amosa-lo noso desacordo sobre determinadas cuestións no contexto xeral das bandas de gaitas. O xurdimento deste novo concepto musical en Galicia hai anos puido evolucionar dun xeito natural, mantendo as formas propias e características do noso folclore. Pero non foi así. Houbo xente (con **Xosé Lois Foxo**, Director da Escola Provincial de Gaitas


AGRADECEMENTOS

Finalmente, gostaríanos recordar a tódalas persoas e entidades que, directa ou indirectamente e de maneira desinteresada, colaboran na realización, publicación e difusión deste proxecto.

A todos eles, **MOITÍSIMAS GRACIAS.**

Especialmente a:

- **Raúl Galego García**
- **Luis García Corral**
- **Xaime Estévez Vila**
- **Lidia Amil Naya**
- **Asociación de Gaiteiros Galegos (AGG)**
- ...tódalas **Bandas de gaitas tradicionais** que verdadeiramente representan e respetan a nosa música sen copia-lo modelo escocés
- ...ti, por ter nas mans este fanzine informativo



BIBLIOGRAFÍA

1. A Nosa Terra. **"NO PAÍS DAS GAITAS"**. Caderno de Pensamento e Cultura. Nº 20. Ed: Promocións Culturais Galegas S.A. Vigo. 1995.

2. Asociación de Gaiteros Galegos (AGG). **"Especial: AS LETRAS DA MEMORIA: A GUERRA DAS GAITAS...¿OU AS GAITAS DA GUERRA?"**. Do brillante. Voceiro da Asociación de Gaiteros Galegos. Nº 1. Ed: AGG. Vigo. 1995.

3. Galego García, Raúl. **"SERMOS NÓS MESMOS OU SERMOS DE FÓRA"**. Artigo de opinión para o CDG. A Coruña. 2001.

4. García Corral, Luis. **"GAITAS MARCIANAS: INVASIÓN ESCOCESA EN GALICIA"**. Páxina WEB e fanzine informativo. A Coruña. 1999.

5. INTERNET.

6. "Banda de gaitas". **ENCICLOPEDIA GALLEGA**. Tomo 33. Páxinas 121-124. Apéndice 2000. Edicións Álvarez Conde, S.A. 2000.

7. Federación Galega de Bandas de Gaitas. **REGULAMENTO CAMPIONATOS**. 7ª Edición. Ourense. 1999.

8. Escola Provincial de Gaitas Deputación de Ourense. **"ANUARIOS DA GAITA"**. Ed: Escola Provincial de Gaitas Deputación de Ourense. Ourense.

e da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, como cabeza visible) que intencionadamente implantou dende Ourense, co apoio económico e moral de institucións e organismos oficiais de Galicia (Deputación de Ourense, Xunta de Galicia, etc.), os verdadeiros culpables de todo isto, un modelo cultural espectacular e rechamante, alleo e importado doutra cultura, sen importarlles a existencia na nosa terra dunha tradición cultural e musical de moitos anos. Co paso do tempo xurdiron bandas e bandas de gaitas que foron incorporando paulatinamente elementos copiados desa cultura foránea, sendo financiadas con cartos públicos de tódolos galegos e galegas. Daquela as voces críticas, con moita razón, denunciaban algo totalmente incomprensible. **OS ANOS PASAN E ESTA INVASIÓN NON HAI QUEN A PARE**. Agora este modelo estase implantando progresivamente nas bandas de gaitas do resto das provincias, nas súas zonas limítrofes (Asturias, León, Cantabria, Portugal, etc), así como nos centros galegos de Europa e América.

¿Por que se está a enganar sistemática e intencionadamente a milleiros de gaiteros e percusionistas que, sen ter ningunha culpa, están recibindo formación musical nesas agrupacións, con información parcial e chantaxes en forma de desprezo ó tradicional?. ¿Por que se está a impedir premeditadamente a transmisión dos verdadeiros valores musicais galegos ás vindeiras xeracións?. ¿Por que se está a impoñer por capricho duns poucos unhas formas musicais alleas co visto bo dos nosos gobernantes?. ¿Por que se están a destinar cartos do pobo a algo que valora máis ó foráneo que o propio, a algo que musicalmente non nos representa?. ¿Por que a imaxe de Galicia e da súa música que se está a dar polo mundo adiante é totalmente confusa, enganosa, falsa, non se identifica coa nosa tradición?. E o máis importante, ¿por que a xente non reacciona ante o que está a acontecer?. ¿Por que?...

O CDG cre na dignidade do gaitero; cre na autenticidade e na identidade propia do noso folclore; cre que non se precisan elementos copiados da cultura escocesa para a expresión musical galega, cando xa posuímos unha maneira de ser rica e natural; cre na boa vontade dos

gaiteiros e percusionistas que naceron e participan nestas bandas, cuia única carencia é a dunha información imparcial.

Todo isto fai que a situación actual que estamos a vivir, e onde este tipo de bandas tentan expandirse pola nosa terra, sexa triste, lamentable e vergonzosa. Sabemos que este fenómeno estase a producir sobre o respaldo duns intereses económicos e políticos moi fortes. Non podemos permitir que toda esta gran farsa pro-escocesa se siga extendendo pola nosa terra. Polo tanto, o compromiso do CDG será, dentro das nosas limitacións, impedi-la colonización do noso entorno, así como ir recuperando as zonas xa invadidas. Pero para isto é preciso que o público en xeral se informe, tome conciencia e, consecuentemente, poida reaccionar, implicándose activamente nesta loita pacífica polo que verdadeiramente cremos: a nosa música.

Polo que, tendo en conta os antecedentes desta historia e a información e medios que dispoñemos, tentaremos levar a cabo unha campaña informativa, sendo conscientes do traballo e dedicación que esto supón, e así facer que se cumpran os nosos obxectivos.

Esperamos que, a pesares dos impedimentos existentes, iniciativas como a do CDG poidan saír adiante, poidas saca-las túas propias conclusións sobre este tema e des a coñecelo á xente do teu entorno.

Moitísimas gracias por informarte e por todo o que poidas facer. De verdade.



COLECTIVO EN DEFENSA DA GAITA

**“O QUE ESQUECE AS SÚAS RAÍCES
PERDE A SÚA IDENTIDADE”**

FOTOCOPIA ESTE FANZINE para que a xente poida informarse



Se queres expresa-la túa opinión ou tes algunha dúbida, idea ou suxerencia relacionada con todo este asunto, podes facer as seguintes cousas:

- Enviar un e-mail a **colectivoendefensadagaita@gmail.com**
- Visita-la nosa páxina **WEB** en INTERNET:

www.colectivoendefensadagaita.tk

**!! Que NON te enganen !!
!! Que NON te confundan !!
!! Que NON te vacilen !!**

Contra as GAITAS MARCIANAS...



!! LOITA !!

Ante esta preocupante situación, algunha proposta:

A) Animar a que a Real Banda de Gaitas e agrupacións semellantes a que poidan seguir a súa libre e lexítima manifestación cultural dentro do contexto democrático no que estamos.

B) Animar á Real Banda e agrupacións semellantes a que no futuro soliciten ser subvencionadas polo Goberno do Reino Unido xa que están a promocionar dun xeito notorio a Cultura daquel país en Galicia e levando un traballo de colonización moi evidente en favor dela.

C) Animar á Real Banda e agrupacións semellantes a que cedan as axudas que ata agora recibía en Galicia, coa finalidade de fomentar o floclor musical galego dentro e fora do noso país, creando, por exemplo, escolas ou conservatorios de música tradicional galega.

Por último quixera apoiar os plantexamentos pacíficos e informativos que os colectivos de gaiteiros están a facer, dende a miña opinión sen intención política algunha, pero co sentimento de persoas que se sinten agredidas e indefensas ante o desenvolvemento deste cancro cultural do que somos vítimas actualmente no floclor musical galego.

Quero rematar confiando en que a boa política que se fai no noso país noutros ámbitos chegue tamén a cultura tradicional galega cun plantexamento global no que non teñan cabida iluminados e falsos investigadores, polo de agora esta é unha asignatura pendente. Polo de agora a gaita galega é unha especie en perigo de extinción.

Xaime Estévez Vila. Vigo

“LOITA POLO QUE CRES”

INTRODUCCIÓN

Artigo de opinión

SERMOS NÓS MESMOS OU SERMOS DE FÓRA

por Raúl Galego García

Como se volve un do dereito e do revés? Sempre a procura dunha mellora; sempre buscando un progreso pero, velaí que xa todo está inventado.

No que atinxe a nós á nosa cultura, e dentro da música e a danza vemos etapas ben marcadas por estadios evolutivos e, case sempre, de costas ao que realmente se pretende preservar.

En Galicia, e ben seguro noutros lugares tamén, as manifestacións artísticas desenvolvéronse nun medio natural, as veces encerellado o real e o máxico. Normal; porque sen a maxia non se entende que unha cultura coma a nosa se mantivera tanto tempo viva.

Pero o mundo do máxico pouco a pouco vai desaparecendo. Chega o racionalismo, e chega tamén a revolución social, a inocencia vaise perdendo e o sobrenatural ten grandes dificultades de pervivencia. Pero estamos en Galicia, e aquí a liña divisoria entre o terreal e o etéreo é indefinible. O paso entre a vida e a morte ten andaina nas dúas direccións. Este é o país dos mortos no mundo dos vivos. Apegados á terra porque nos somos terra e na terra están os nosos, diluídos cos átomos os isótopos e as sales minerais. Non nos podemos desintegrar deste cosmos; temos que coidar, temos apego ao noso. Por eso viven as tradicións.

Agora, e dendes do século XIX vai esmorecendo paseniño todo este mundo. Ao fin chegou o materialismo, perdémola memoria. No noso afán conservacionista, tentamos recuperar os tempos perdidos. Xorden estudiosos, técnicos na materia e despístanos porque realmente non saben nada.

No primeiro período das recuperacións, e tendo moi patente aínda a tradición, os burgueses e señoritos son quen inician o camiño, pero cústalles despegarse da súa condición de privilexio e así tinguéase de matices bucólicos ata que se reconverte o tradicional en ansias de dignificación perdendo o sentido orixinal. O camiño está aberto e a perda

do natural, do tradicional faise irremediable. Mais o mundo urbano non quere recoñecerse nin confundirse co mundo rural, basto, zafo pero máximo.

A cada paso é máis difícil recuperar o mundo perdido e, nestes tempos de *revival* a fantasía suple a maxia: temos que deixar de sermos nos para que nos recoñezan coma o que non somos. Agora para rescatar as nosas siñas de identidade habemos de buscar fora o que xa temos ou tivemos aquí. Primeiro os historiógrafos elevaron á dignidade o pasado celta, e así para reafirmalo temos de mirar para Irlanda ou a Escocia como paradigma do elemento cultural celta, sen se decatar que cando menos hai que cavar que a cultura dos celtas en Galicia foi sendo suplantada polo mundo romano vai xa para 2000 anos. E sen ter datos firmes o posible contacto con Irlanda (e Britania) hai que remontalo entre 400 e 600 anos antes. Se perdémola memoria do acontecido hai poucos anos, ¿qué pasará con 2500 anos atrás?.

Aínda cabe pensar que o substrato cultural prerromano teña relación co mundo do máximo que nos define. Por eso cada ruína histórica, cada mámoa, cada anta, cada pedra, cada fonte escura está pintada co misterio do mundo subterráneo de fermosas donas e cabaleiros encantados, os *moros*. Pois xa está, aínda que a presenza real non está constatada agás algunhas incursións bélicas ou razias, o dominio que os musulmáns tiveron sobre desta terra a penas foi quincuaxenario. Aí está, agora somos nazaríes ou mouros, dito sexa que, como na corte de Castela na idade media a influencia da cultura árabe foi notoria, esquecese que tamén foi en paralelo coa galega.

Pero o predominio que Castela fixo sentir sobre do resto da península (incluído Portugal) provocou case que desaparecera o noso idioma. De feito o influxo no galego chega a ser brutal, e isto fai confundir a moitos o españolismo co castellanismo; daquela, xa que logo somos españois *ergo* somos casteláns.

En reacción a esa postura xorden no ideario doutros intelectuais a posibilidade da recuperación histórica, o achegamento a Portugal. Vólvese a esquecer os lapsos temporais porque Galicia e Portugal nunca foron un mesmo territorio politicamente unido, senón unha segregación territorial dende a propia Galicia. Portugal desenvólvese de xeito illado xa no inicio da súa historia e, malia as evidentes semellanzas, tampouco somos

Perigo de extinción para a gaita galega

(...) Pero a cuestión é se debemos respetar, permitir sen máis esta manifestación cultural ou danse circunstancias que obrigan o mundo tradicional galego a unha defensa propia: Por qué están algúns colectivos de Gaiteiros tan preocupados polo tema.

Algúns puntos poden ser os seguintes:

1. O desenvolvemento deste fenómeno pon en perigo a corto prazo a propia existencia da cultura tradicional galega: deixáanse de construír instrumentos de percusión e gaitas galegas, deixáase de tocar repertorio galego coa estilística propia nosa. É dicir, o que se fai non é ademáis de, senon en lugar de (plántanse eucaliptos onde antes había carballos).

2. Estase a perde-la oportunidade histórica de que en Galicia teñamos unhas bandas de gaitas orixinais (explotables e interesantes culturalmente), coa nosa propia idiosincrasia e partindo dos elementos que o rico folclore musical nos aporta.

3. Estáanse a promover esquemas musicais doutras culturas alleas á nosa: militarización dos gaiteiros, instrumentos de percusión que agora hai que importar, perda da identidade estética e sonora do gaiteiro galego.

4. Estáanse a suplantar os instrumentos propios por outros importados ou fotocopiados: gaita, percusión...

5. Estase cada vez máis e progresivamente a interpretar repertorio foráneo, pérdese pouco a pouco a identidade cultural (regálase á Infanta Elena co nome de Muiñeira unha peza musical que non pode selo polo seu esquema tonal, nin polo seu esquema melódico, nin polo seu esquema armónico).

6. Extensión preocupante do fenómeno a outras provincias...

Innovación para nós é o uso de novas tonalidades na gaita galega que non sexan as tradicionais redonda en Do, grileira en Re ou (a utilizada pola nosa banda) a tumbal en Si b. Tamén se pode dicir que innovación foi no seu día a incorporación dun segundo e terceiro bordón á gaita galega (a ronquilla e o chillón), dende sempre no lado dereito da gaita. Ou mesmo a incorporación de novos materiais na construción de gaitas (sempre que o son e o timbre sigan sendo o mesmo de sempre).

En cambio, o colocar os xa mencionados chillón e ronquilla ó lado do ronco, a utilización de percusión que cambia totalmente o son ledado da gaita galega, a utilización de bastóns de mando para dirixir e lucirse estilo "Majorette", os malabarismos sobre "timbais de batería" (que soan coma un bombo apagado), o paso e a "estética" militar, o facer rodas dándolle as costas ó público (cousa de mala educación), a vestimenta "unisex" para que sexa máis "estético" (máis guay) e a interpretación de pezas de culturas e países que están a milleiros de Kms. e que pouco poideron influir na historia da nosa gaita e das nosas percusións, para nós non son innovacións son unha pura copia cun fondo complexo de inferioridade. Este mesmo complexo que hai nas bandas de gaitas irlandesas (onde se creou ó igual que aquí unha gaita de marcha), nalgúns bandas asturianas (onde tamén xa se fan gaitas con tres roncós) ou nas bandas bretonas (que tocan coa Highland Pipe escocesa en substitución da súa propia) fará que algún día (non mentres exista "Airiños de Fene") en tódalas culturas chamadas dun xeito máis ou menos discutible "celtas" sonen as mesmas melodías acompañadas polas mesmas percusións e porque non, as mesmas gaitas.

Finalmente, gostaríanos rematar este fanzine informativo cun fragmento dunha "Carta al Director" publicada en Setembro de 1995. O contido desta reflexión tamén é compartido na súa totalidade polo CDG. O seu autor (Xaime Estévez Vila) analiza perfectamente e da a súa opinión sobre o que naqueles anos estaba acontecendo, e que ben pode identificarse coa triste, lamentable e vergonzosa realidade que aínda hoxe estamos a vivir:

portugueses, xa que logo, semellanzas tamén as hai con outros territorios peninsulares. A ver senón se no mesmo contexto territorial no que se formou o condado portugalense non estaba tamén o que conformou o reino de León. A Gallæcia, se ben polo sur andaba pola liña do Douro, polo leste ía ata a liña do Esla.

Falando tamén de lindes territoriais, cando os Suevos crearon un dos primeiros reinos integrais da Europa alto medieval, levaron os lindeiros ata pasar Coimbra. Mantiveron o seu poder por máis tempo que os musulmáns, e aínda non se deu en reivindicar a nosa posible condición de xermanos. Claro, foron absorbidos, disolvidos mellor dito, polos visigodos, e a ninguén se lle acorda dicir que, pese a todo, os visigodos mantiveron a división territorial de Caracalla/Diocleciano. Así, cando os almofades non puideron sobordar a liña de Covadonga, faláron pestes dos galegos; non porque non houbo outras xentilidades, senón porque estaban na Gallæcia. Con tino, porque a proliferación de bebedores de cervexa pode querer dicir algo deso, ¿ou será a continuación da reverencia pro británica?

Realmente estamos condenados por un mal fado ¿mal fario?. Temos de ser irlandeses ou escoceses, xa se nos nota no acento. Mesmo fisicamente somos facilmente confundibles nótese, senón a grande porcentaxe de rubios (= *pelirrojos*) e do grande porte dos nosos paisanos.

Ese sería un bo argumento para os que *por el contrario* din dos nosos ancestros de orixe semita. Tamén se nos nota; esa tez citrina, esas facianas alongadas, ese nariz de aguia; *paisa*, ata no falar. Confundir respecto, admiración por outra cultura non se debe de confundir con asimilación á mesma.

Finalmente habemos de lembrar que non foi en Aljubarrota onde se dirimiu o enfrontamento definitivo entre Castilla e Portugal a fins do XIV, está sendo aquí e agora. O importante non é sentirse no propio, o importante é ser de fóra. Ser galego non vale, hai que ser outra cousa.

RAÚL GALEGO

Raúl Galego García naceu en 1955 en A Golada (Pontevedra). En 1960 chega a A Coruña e anos máis tarde xurde o seu primeiro contacto coa música e, máis concretamente, coa gaita.

A partir de aquí comeza a devorar datos da nosa cultura e orixes. A súa traxectoria musical comeza no ano 1972. Desde entón, formou parte de agrupacións folclóricas, corais, grupos de gaitas, bandas de música, comparsas de antroido, grupos folc... Ven impartindo clases como profesor de gaita, percusión e música galega dende 1973 en parroquias, colexios, asociacións culturais e de veciños, academias e sociedades. Cómpre destacar varias conferencias e charlas didácticas que complementan a súa gran labor musical. Tamén foi Asesor Técnico e Vocal no Tribunal para Oposicións e Concursos da Consellería da Presidencia e Admón. Pública da Xunta de Galicia.

Na actualidade mantense en nómina como gaiteiro na Excma. Diputación Provincial de A Coruña e é membro directivo da Asociación de Gaiteiros Galegos (AGG).



Banda de gaitas "O Pedrón" de Padrón (A Coruña)

Estos modelos son os que o CDG e moitísima xente defenden: bandas de gaitas con sabor a galego: con gaitas tradicionais, percusión tradicional, traxes tradicionais e estética tradicional. En definitiva, verdadeiras mostras representativas da tradición cultural e musical galega

Un dos exemplos máis claros de compromiso coa nosa música é a Banda de Gaitas "**Airiños de Fene**" de Fene (A Coruña). Na súa web aparece un fragmento no que claramente quedan explicados os motivos polos que esta banda emprega un estilo tradicional, afastándose de calquer aproximación ó modelo escocés de banda de gaitas:

¿Por que Airiños de Fene é unha banda tradicional?

(...) gústanos presumir de ser unha banda tradicional porque coidamos que é o correcto e porque somos sabedores de que temos unha cultura propia que non ten nada que envexar a outras.

En "Airiños de Fene" consideramos que unha banda tradicional é aquela que coma nós está formada íntegramente por instrumentos tradicionais galegos (dende as gaitas á percusión). Sen que isto queira dicir que estemos en contra da innovación.



Banda de gaitas "Airiños do Eume" de Pontedeume (A Coruña)

- Escribir e mandar cartas de protesta á Real Banda de gaitas e á Escola Provincial de gaitas da Deputación de Ourense (Apdo. 520 E. 32080 Ourense, rbo@realbanda.com).

- Unirte e solidarizarte coas protestas organizadas por asociacións e colectivos galegos con motivo de actuacións dalgunha das bandas de gaitas que incorporan elementos alleos a nosa música.

- Comenta-lo tema cos teus familiares, amigos, veciños, etc. para coñece-la súa opinión e implicarse na causa.

- Dar a coñecer a nosa páxina web e fotocopiar libremente este fanzine, así como o folleto que tamén temos a túa disposición, para que a xente poida informarse do que está a acontecer.

- ...e moitas cousas máis.



Banda de gaitas "Buxaina" de Taragoña (A Coruña) e
Banda de gaitas "Manxadoira" de Bueu (Pontevedra)



Banda de gaitas "Airíños de Fene" de Fene (A Coruña)

PRESENTACIÓN

Nacemento dun fenómeno que non ten que ver coa tradición cultural e musical de Galicia

Para presenta-lo tema e como unha breve introducción ó mesmo, o CDG considera que este artigo publicado en 1995 (ano no que a polémica acadou unha grande repercusión nos medios de comunicación) pola Asociación de Gaiteiros Galegos (AGG) na revista Nº 20 de Cadernos de pensamento e cultura A NOSA TERRA explica moi ben o nacemento e evolución da Escola de gaitas e da Real Banda de gaitas da Deputación de Ourense, para que coñezas e poidas entender toda a problemática orixinada por este fenómeno.

En Galicia, en Galego

(...) primeiramente dicir que isto non é só unha guerra de gaitas. É un conglomerado de circunstancias que teñen un vencellamento directo co dirixismo cultural da Xunta, coas ganas de pasar á historia dalgúns iluminados, e co feito de confundir - intencionadamente ou non- conceptos: cultura con espectáculo, representacións iconográficas con tradición, información con crítica.

(...) isto non é só unha liorta de gaiteiros: é algo que atinxe ó conxunto da sociedade , a aqueles que cren que Galicia ten que estar no mundo con voz propia.

O fenómeno da Escola de Gaitas da Deputación de Ourense e a Real Banda xurde hai aproximadamente dez anos, cando X.L. Foxo é fichado pola Deputación de Ourense para levar a cabo o que el mesmo denomina "invento" ou "experimento". Daquela houbo xente que xa sabía que Foxo pretendía producir un modelo

cultural do que el gusta: as bandas escocesas. Esta súa afección e admiración polo escocés é pública, posto que el mesmo a admitía, magoándose de que os galegos semellásemos tan pouco marciais.



Real Banda de gaitas da Deputación de Ourense
(...ou máis ben a "**Royal Ourense Diputation Pipe Band**")

Na imaxe poden verse varios dos elementos copiados e, polo tanto, alleos a nosa terra: os gaiteiros levan as denominadas gaitas marciais (unha copia inventada polo Sr. Foxo, inspiradas nas gaitas escocesas) e saias moi semellantes ás empregadas en Escocia.

Tamén aparece un bastón de mando militar, típico das bandas de gaitas escocesas

A pesares das conversas mantidas con Foxo por parte da A.G.G. (Asociación de Gaiteiros Galegos), este segue adiante co seu invento que xa non é tal: comeza entón a súa longa e interminable ringleira de xustificacións históricas: gravados, capiteis, iconografías, para tentar convencer á opinión pública de que o que está a facer non só é galego auténtico, senón que é máis galego que o que todos coñecemos por galego. É a xustificación para que se imponha este modelo cultural, que non ten nada que ver con Galicia, pero que intenta vender como tal.

CONCLUSION

Chamamento á reflexión e implicación da sociedade **Accións en contra deste fenómeno**

Bandas de gaitas: o respecto á tradición

Para remetar, o CDG quere facer dende aquí un chamamento á **REFLEXIÓN**. Sabemos que hai moita xente que está a loitar contra esta nova moda pro-escocesa, dende colectivos, asociacións ou agrupacións ata as bandas de gaitas que manteñen o verdadeiro estilo tradicional galego. Isto, sen dúbida, danos forzas para tentar informar e concienciar á xente que, por non estar o suficiente informada, pensa que a imaxe que se está a dar é a de Galicia e a da súa música. Todo o relacionado con este asunto está confundindo e enganando á xente, trocando o camiño evolutivo e destruindo as bases culturais da nosa tradición musical, abrindo unha paréntese e interrompindo a evolución cultural e musical de Galicia.

Tes que saca-las túas propias conclusións. Cremos que chega o momento de implicarse. A pesares de que existen asociacións e colectivos que loitan pola defensa da música tradicional galega, aínda queda moito por facer. Queremos animarte a que fagas algunha destas cousas:

- **Escribir e mandar cartas de protesta á sección Cartas al Director dos xornais galegos máis importantes.**



MODELO ESCOCÉS de banda de gaitas

En Galicia, a provincia de Ourense está xa prácticamente invadida por esta moda. En Lugo e Pontevedra existen bandas deste tipo e estanse convertendo en novos obxectivos a colonizar. Por contra, A Coruña parece se-la provincia que amosa un rexeitamento máis contundente ó estilo escocés nas súas bandas de gaitas. Con relación ás zonas limítrofes, en Asturias, León, Cantabria, ou mesmo Portugal estase a producir un proceso semellante ó galego, aínda que presente algunhas diferencias, conlevando á substitución e desaparición da tradición musical de todas estas zonas.



Gaitero solista e Banda de gaites de Mieres (Asturias)

As gaitas con dous roncós verticais como a do gaitero imitan ás escocesas.
A percusión desta banda non é a tradicional asturiana
senón a empregada polas bandas escocesas,
como ocorre en moitas bandas de gaitas de Galicia e Asturias



Banda de gaitas "Cidade de Bos Aires" (Arxentina)

Aquí vemos a suposta evolución desta banda:
da formación tradicional pásase ó estilo marcial.
Esta é a imaxe que estamos a dar polo mundo adiante...¿non é triste?



Xosé Lois Foxo cun gaitero da Real Banda

Nesta imaxe pode verse como a gaita marcial que leva este gaitero,
aínda que o son que emite é semellante o da gaita galega,
leva o ronco e ronquetas cara arriba, imitando ás gaitas escocesas

(...) ímonos deter brevemente en dous dos argumentos que frecuentemente emprega o director da Escola de Gaitas da Deputación de Ourense para xustificar e apoiar o seu invento:

1.- Dignificación: estes cambios o único que fan e dignifica-los nosos instrumentos, preparalos para que anden polo mundo con dignidade. ¿Isto significa que non considera dignos de ser exportados os nosos instrumentos nin a nosa tradición, nin as nosas formas? Nós si. Nós non negamo-la evolución, o que negamos é a suplantación. Afirmar que para dignifica-la nosa música é preciso pasar por riba dos elementos xenuínos, identificadores e diferenciadores da nosa cultura é estar a favor de pasar por riba dos sinais de identidade que estes elementos nos aportan. É afirmar que a nosa tradición non é digna de estar no mundo. Afirmar que para ser exportables temos que renunciar a nosa identidade é un

argumento que nin a A.G.G. nin moitos galegos, gaiteiros ou non, están dispostos a subscribir.

2.- Entronque co mundo celta: a estas alturas non se lle escapa a case ninguén que isto chamado celtismo non é máis que unha manobra comercial do mercado do folc saxón. A gaita non é un instrumento exclusivo do entorno “celta”: existe no mundo eslavo, no mundo mediterráneo, na África, India, Oriente Próximo, etc. Tratar de circunscribi-la gaita a un entorno concreto é actuar ou con parcialidade ou con falta de rigor.

No que respecta as connotacións políticas baste lembra-la afirmación do Presidente da Excm. Deputación de Ourense, Xosé Lois Baltar, feita diante da Asociación de Gaiteiros e doutros colectivos, de que eles sabían que aquilo era un invento, é máis, que non lles importaba que non fose galego. Que o invento funcionaba moi ben e que tiñan moitos cartos investidos nel. Baste lembra-lo apoio e a apoloxía que dende o programa “Con Música Propia” da T.V.G. fan de todoeste fenómeno, a propaganda subliminal que a propia carátula do programa emite semana a semana: con música propia e o sonido dun saúdo de tambores ó xeito de fora tocado cos tambores premier, o silencio sistemático da Radio Galega e da T.V.G. De todos xeitos, e aínda que esto semella unha parafernalia feita a medida dalgúns dirixentes do PP, non esquezamos que, por exemplo, os rozamentos da Real Banda son aprobados sen preguntas de ningún tipo polos partidos da oposición da Deputación de Ourense. Se co apoio deste invento por parte do PP está demostrando para coa nosa cultura musical a mesma sensibilidade que tería un ourizo cacho, os partidos da oposición están demostrando co seu silencio e a súa falta de interese unha falta de concienciación e de arredamento da realidade cultural do país, e por ende a mesma falta de sensibilidade.

Polo que respecta ós intereses económicos vaian só estes apuntamentos: dentro da Deputación de Ourense existe un Obradoiro de Instrumentos de onde, paradóxicamente, non saen as

Ademáis, o CDG ten constancia da existencia de continuas presións ás bandas de estilo tradicional que participan nas distintas categorías ou graos e fases desta liga para que modifiquen principalmente a súa percusión (pasando da tradicional á escocesa), e a súas gaitas (pasando das galegas ás marciais). Así mesmo, as bandas tradicionais sufren unha discriminación constante, reducíndolles puntuación por non adaptarse ó estilo escocés (que domina en máis dun 90% dos participantes), ata descender de categoría, “obrigándolles” a retirarse e abandona-la competición.

Tamén é importante analiza-la progresiva institucionalización que nos últimos anos está a acontecer no mundo da gaita, froito de intereses partidistas representados no poder político. Actos públicos multitudinarios como as investiduras ou tomas de posesión do Presidente da Xunta (coa presenza de miles de gaiteiros non só da nosa terra, tamén doutros países do *mundo celta* como Irlanda ou Escocia...¡¡casualidade!!) non deixan de ser acontecementos masivos que lexitiman esta farsa, dando unha imaxe ó exterior manipulada, que non corresponde coa tradición musical galega.



Concentración de gaiteiros (máis do 90% “marciais”) na Praza do Obradoiro (Santiago de Compostela) na toma de posesión do Presidente da Xunta de Galicia

Por outra banda, dicir que este movemento pro-escocés está nunha fase de colonización e expansión por toda Galicia, por algunhas zonas limítrofes (Asturias, León, Cantabria, Portugal, etc.) e polos numerosos Centros Galegos espallados polo mundo.

actitude e expresión dos músicos; presentación xeral da banda, movementos coordinados a hora de iniciar e rematar as actuacións. Deberemos ter en conta que o gaiteiro de banda deberá adoptar unha postura que colabore á uniformidade do conxunto, inspirado na disciplina de imaxe de banda. Durante a actuación manterá os pés en forma de V.

A marcha nas bandas esixirá unha técnica especial, inspirándose no andar normal. Os pés deberán pousarse no correcto momento, pisando dúas veces nos compases de 2/4 e 6/8; tres veces no de 3/4 e catro no de 4/4.

Os movementos ao marchar deberán ser completamente naturais, sen ter como referencia as marchas militares, senón de forma máis pausada e semellándose ao andar normal. O tempo de marcha deberá estar en torno a 80 ou 90 pisadas por minuto. Non se deberá andar a tiróns ou de xeito ríxido, dobrar os xionllos de forma esaxerada (a excepción do último paso no fin da marcha) ou golpear o chan, pretendendo especialmente acadar unha marcha natural e comfortable, asegún emana do ritmo dos típicos pasacorredoiras galegos".



Rapaz gaiteiro tocando ó estilo marcial

...ata os xuices da Liga ¿Galega? de Bandas de Gaitas
bótanse a chorar ante o que están a ver !!

gaitas marciais. Estas gaitas, feitas neste obradoiro, e considerando que os que alí traballan son funcionarios pagos pola Deputación, terían un custo aproximado de 20.000 pta./unidade. Nembargantes as gaitas veñen de outros talleres: Inspo de Ourense ou Antón Varela do Ferrol. A Deputación paga por cada unidade un prezo medio de 100.000 pta. No referente ás percusións, existe un comercio continuo baseado no cambio de instrumental: o cambio de categoría na liga ou campionato de bandas, ou as pretensións da tal cambio, veñen forzosamente acompañadas de compra de percusión nova, cada vez máis "mellorada". Parches da fábrica Gonalca de Valencia, tambores Honsuy ou Premier, todos teñen un axente comercial que nos gustaría coñecer.

Por último, gustaríanos introducir unha mensaxe de esperanza e ledicia: hai moitas alternativas a este tipo de bandas, alternativas dende as propias bandas e dende outras formacións, alternativas que existen e que perpetúan a nosa tradición de pobo único musicalmente falando. Alternativas que se están a levar a cabo e que poden ser contempladas por todo aquel que se interese por elas. Baixo este prisma é que nós convidamos á reflexión e á opinión. A Xunta Directiva da A.G.G. quere que dentro de 100 anos este pobo chamado Galicia siga tendo gaiteiros e percusionistas que falen musicalmente en galego. A música tradicional de Galicia, os seus instrumentos e as súas formas teñen que atopalo seu propio camiño de futuro, o seu lugar para seguir existindo, pero sen visionarios nin iluminados, sen inxerencias alleas nin colonización. Coidamos que existe potencial dabondo para facelo.

A A.G.G. chama á xente que sente este país: á xente de a pé, ás xentes da cultura, ás xentes da política, a todo aquel que sinta a necesidade de que Galicia siga a existir con eses elementos únicos e diferenciadores que convierten a uns milleiros de xentes que comparten un territorio nun pobo con identidade, con conciencia de sí mesmo. Chama a esta xente para que Galicia siga soñando, e tocando, e vivindo, e falando, por mil primaveras máis, en galego.

ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS



"Cada día poñen máis vistosos ós gaiteros"

O humor gráfico de Xaquín Marin mostra cómo a figura do gaitero estase a converter dende hai uns anos nunha atracción circense

Finalmente, podemos dicir, e coidamos que ninguén o dubida, que certos aspectos do Sr. Foxo (por exemplo, método didáctico e sistema organizativo empregados) poden aportar algo positivo para a ensinanza xeral da gaita, recoñecéndolle o seu mérito, pero sempre tendo en conta que todo o que está a facer dende hai anos, sexa bo ou malo, é gracias ó apoio económico e moral de institucións e organismos públicos que intencionadamente están a fomenta-la destrución da esencia musical do noso pobo.

A continuación, resumimos brevemente o contido dalgún dos artigos dese regulamento, pois considerámoslos moi significativos para decatarse do gran engano que dende esta Liga estase a facer á música tradicional galega:

CAPÍTULO 4. COMPOSICIÓN E MOVEMENTOS DAS BANDAS

ART. 1: "...valoraranse a inclusión de tambores tenores".

ART. 3: "As bandas poderán ir precedidas de estandarte ou bastón de mando, o que pode indicar cambio de movementos ou fin de melodías, cun xesto indicador do mesmo".

ART. 4: "As bandas deberán ir ataviadas con traxes documentados en Galicia en calquera época, remota ou próxima".

ART. 5: "Cada banda deberá iniciar a súa actuación na liña de Stop con marcha acompañada por música formando un círculo segundo está estabrecido, recompoñendo a formación para a súa saída, valorándose a elegancia deste exercicio coreográfico, non permitíndose outro tipo de variantes coreográficas. O exercicio de saída deberá incluír a volta na liña de stop, rematando dentro dos círculos".

CAPÍTULO 5. CUALIDADES A TER EN CONTA PARA A VALORACIÓN DAS BANDAS

ART. 3: "PERCUSIÓN: Empaste e balance entre os distintos tipos de percusión, afinación entre os instrumentos de percusión entre si, arreglos, balance entre gaitas e percusións, acentos métricos, control de baquetas, fortes e débiles, control de redobres, pulso, son, xeito de coller as baquetas, fraseos, adornos, asincopados, froeos e baqueteos".

ART. 4: "ESTÉTICA: Utilización de vestimenta compaxinada entre si e coa imaxe xeral da banda, estado de conservación dos traxes e instrumentos, entrada, saída e colocación nos círculos, alineación, andar compaxinado,

Cando xurde este experimento aparece unha lóxica e comprensible "loita", que afortunadamente aínda non rematou (a chamada "**GUERRA DAS GAITAS**", ou máis ben "**AS GAITAS DA GUERRA**") entre un sector que pretende conserva-la tradición e outro sector máis innovador, que defende a incorporación de todos eses elementos copiados da tradición cultural e musical escocesa que xa coñecemos. Actualmente se está a producir unha progresiva substitución do estilo galego en moitas bandas de gaitas polo estilo escocés, máis espectacular e rechamante, conlevando a que pouco a pouco a nosa tradición cultural e musical vaia desaparecendo.

Dende o ano 1990 a Federación Galega de Bandas de Gaitas e a Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense organizan a chamada **LIGA ¿GALEGA? DE BANDAS DE GAITAS**, co obxectivo de dar saída ós milleiros de rapaces que aprenden os *segredos das "gaitas marciais"*. Estes campionatos (coas cámaras da TVG en directo para que os televidentes poidan disfrutar do "espectáculo") son outra copia dos que se fan en Escocia. Un dos propósitos desta competición (as bandas compiten entre si en catro graos para acadar o mellor posto nas distintas fases) é, segundo o seu regulamento, "a recuperación e afianzamento dos xéneros máis xenuinos da música popular-tradicional de Galicia, traducidos no instrumento Rei de Galicia: A Gaita Galega". O CDG considera esta afirmación unha gran falta de respecto ó mundo da gaita. ¿Cómo se pode dicir que neste tipo de encontros o que se pretende é recuperar e afianza-la nosa música? ¿Gaita galega? ¡¡VERGONZOSO!! Se o estilo de moitas destas bandas (non todas) é máis escocés que galego, por lóxica, isto é totalmente contradictorio.



A similitude da Liga ¿Galega? de Bandas de Gaitas cos campionatos escoceses é asombrosa

Por exemplo, o emprego de círculos para desfilar nas áreas de competición amosa as semellanzas deste tipo de encontros

ANÁLISE

Engano sistemático e intencionado ó pobo galego sobre a autenticidade deste experimento. Agresión á identidade cultural e musical de Galicia.

Financiación pública de institucións e organismos oficiais. Connotacións políticas e intereses económicos

Todo este gran invento copiado que, como xa dixemos, para nada ten que ver coa tradición musical e cultural do noso pobo, susténtase nunhas frouxas bases argumentais históricas moi concretas (gravados, capiteis, iconografías, etc.) e nuns razonamentos absurdos do Sr. Foxo que fan que teña que recurrir á historia para xustificar dalgún xeito a existencia na nosa terra deste tipo de manifestacións alleas a Galicia. Estas xustificacións históricas caen polo seu propio peso, pois son moi aisladas e, en numerosas ocasións, sacadas de contexto, polo que non constitúen argumentos o suficientemente convincentes para que o Sr. Foxo impoña intencionadamente este modelo alleo na nosa terra. Ademais, as imaxes dos nosos antergos relacionadas co mundo da gaita que perduran ó longo do tempo non se identifican para nada con todo este invento copiado, polo que fai pensar que o que está a acontecer non é máis que unha trangallada argallada por uns poucos para o seu propio beneficio.



Copia do gaiteiro seglar da Igrexa coventual de San Francisco de Betanzos (S.XIV) e gaiteiro do Pazo de Santa Cruz de Bueu (S.XVIII)

Estas fotografías son dous exemplos das xustificacións históricas argumentadas polo Sr. Foxo

Pero, sen dúbida, para facer unha análise de todo este fenómeno temos que ter en conta varios puntos:

1.- **Gaitas.** Coa disposición dos seus elementos cambiada: ronco e ronquetas cara arriba, forma do fol rectangular e non redondeada. Supostamente baseadas nas iconografías.



Gaita escocesa



GAITA MARCIAL



Gaita galega

2.- **Percusión.** É incuestionable que non utilizan percusión galega, nin na morfoloxía externa dos instrumentos, nin nos ritmos musicais que se lle aplican as pezas, nin no xeito e técnica de execución, nin, por suposto, no sonido final resultante.



A percusión deste tipo de bandas é a mesma que empregan as bandas de gaitas escocesas

Como xa sabes, todo este experimento é apoiado económica e moralmente por unha serie de institucións públicas e organismos oficiais de Galicia (Deputación Provincial de Ourense, Xunta de Galicia, Televisión de Galicia, etc.) que, presumindo de representar e defende-los intereses de tódolos galegos, destinan unha gran cantidade de cartos a algo que non representa nin se identifica coa realidade musical galega, dando unha imaxe totalmente errónea e confusa da nosa tradición. Tódolos milleiros de rapaces que actualmente aprenden e tocan nestas bandas son os que menos culpa teñen do que está a acontecer. Os verdadeiros culpables desta situación son os que financian cos cartos de tódol@s galeg@s todo este gran engano. Desviar intencionadamente a estas bandas pro-escocesas moitas das axudas e subvencións que viñan recollendo as formacións tradicionais é unha gran falta de respecto á nosa terra, e máis concretamente, a toda esa xente que durante moitos anos, con moito traballo e dedicación, fixo perdurar ata hoxe as diferentes manifestacións culturais e musicais galegas.



"-Sempre que poño a Galega (TVG) hai unha gaita.
- E as máis das veces,escocesa"

Neste caso,o humor de Xaquín Marín denuncia como dende os distintos medios de comunicación se promociona todo este gran engano

gaita como instrumento propio e representativo da nosa terra, pero sí do xeito en que se leva a cabo esa dignificación, copiando modelos foráneos e importados doutras culturas. A actual situación que estamos a vivir, fai que moita xente se pregunte cal pode ser o motivo que leva a que moitas bandas de gaitas copien o modelo escocés, máis espectacular e vistoso, conlevando a que pouco a pouco éste se vaia implantando ata asumirse como propio. Para min, varios aspectos poderían influir nesta explicación ilóxica: por unha banda, a ignorancia e descoñecemento da cultura musical galega e a infravaloración da nosa música con respecto á doutros países. Por outra, o momento idóneo para que todos eses que manipulan o pasado o seu antollo (o Sr. Foxo e compañía) poidan convertirse en verdadeiros artífices do rexurdimento da música ¿galega?, etc.

Pero, sen dúbida, o máis triste, lamentable e vergonzoso é que todos os que cremos que esto non é máis que unha farsa para o proveito duns poucos, sempre co visto bo dos nosos gobernantes, non podamos evitar as futuras consecuencias negativas para todos eses gaiteiros e percusionistas que na actualidade forman parte das cada vez máis numerosas bandas de gaitas que copian o estilo escocés, sendo partícipes desa suposta dignificación da gaita da que tanto presumen algúns, uns máis que outros, dende hai anos. Polo tanto, só queda implicarse un pouco máis na loita para que esta moda pro-escocesa non se siga expandindo pola nosa terra. E sobre todo, informar á xente, para logo poder reflexionar e analizar coa seriedade que merece todo o que está a acontecer. Ánimo e...a loitar.



Luis García Corral. A Coruña

**“ A UNICA LOITA QUE SE PERDE
É A QUE SE ABANDONA”**



Bombos e tambores "PREMIER"

Para estas bandas pro-escocesas, este tipo de percusión é máis axeitada que a tradicional pois, segundo eles, adaptación mellor, aportándolles unha maior sonoridade



Mazas e manual "TAMBOR TENOR Y BOMBO CON FLORITURAS" para copia-las técnicas empregadas noutros países

3.- **Vestimenta**. Ninguén que se chame galego identifica o que ve coa cultura de Galicia. Aínda así séguese a porfiar sobre bases iconográficas e profundas investigacións.



**Banda de gaitas de Nogueira de Ramuín e
Banda de gaitas Nova Fronteira da Valenza (Ourense)**

4.- **Estética.** Non inspirada na tradición galega, nin orixinal, senón inspirada noutras culturas de corte militar, tanto no xeito de formar e desfilar como de tocar, coller o instrumento, inicios e finais das pezas, etc.



Bandas de gaitas escocesas

A formación circular e o xeito de desfilar son unha COPIA das bandas escocesas

5.- **Manipulación dos ritmos e repertorio.** Introdución de repertorio non galego de xeito maioritario e progresivo; sons de percusión militar, escalas musicais foráneas. Desnaturalización do pouco repertorio galego que tocan, xa que a este se lle aplican ritmos, percusións e ornamentacións melódicas diferentes ás galegas.

6.- Por tanto, as **técnicas** tampouco son galegas. Baste dicir que para ben estudialas e perfeccionalas traen profesores de Escocia e a Bretaña para impartir as aulas.

7.- **Formación dos cativos.** Un dos puntos máis doentes desta historia son as consecuencias formativas para estes miles de rapaces. Están a recibir unha información castrada, sesgada, están sendo educados no autoodio ó que é da terra. Estanlles ocultando premeditadamente unha morea de aspectos da nosa tradición.

En conclusión, nin o que sona, nin o que se escoita, nin o que se ve é representativo da tradición musical nin se inspira nela. Non se pode considerar unha evolución, xa que, tristemente, só consiste nunha fotocopia doutra cultura, é polo tanto unha colonización cultural que nada interesante aporta á cultura mundial, nin por suposto á galega.

Por outra banda, non podemos esquecer a gran influencia e repercusión nos distintos medios de comunicación galegos e non galegos que tivo e ten este asunto. Algúns cidadáns, preocupados polo que está a acontecer, deciden manifesta-las súas protestas, principalmente, a través de artigos de opinión que de cando en vez publican os xornais galegos. O seguinte texto é só un exemplo das denuncias que dende que xurdiu hai anos este fenómeno se están a facer e que unicamente pretenden informar á xente sobre todo este gran problema. É unha copia dunha "Carta al Director" publicada en Decembro de 2000 en varios xornais da nosa terra. Nela, o seu autor (Luis García Corral) denuncia a actual situación, cunha opinión totalmente compartida polo CDG.

A farsa gaiteiril

Gostárame chama-la atención e facer algúns apuntamentos críticos sobre o engano e confucionismo ó que continuamente estamos sendo sometidos tódolos galegos e galegas dende hai xa algúns anos con relación a cada vez máis crecente proliferación na nosa terra dunha serie de bandas de gaitas que din chamarse galegas e representa-la música tradicional de Galicia, sendo financiadas por institucións e organismos públicos que teóricamente deberían destinar eses cartos a algo representativo da nosa tradición.

En xeral, tódalas persoas que, independentemente da súa orixe, poidan amar e sentir as diferentes manifestacións culturais e musicais propias dunha terra, fan o posible para que éstas, co paso dos anos, perduren e poidan considerarse para as vindeiras xeracións como verdadeiras mostras representativas da súa tradición máis próxima. Ademais, é impensable que nun pobo onde se estean dando esas manifestacións que identifican ós seus habitantes co seu entorno, poidan copiarse e, consecuentemente, implantarse modelos culturais doutros países para substituílos progresivamente polos propios. Tendo en conta esta lóxica, coido que todo o que está a acontecer en Galicia sobre este tema é máis un problema de forma que de fondo, pois ninguén pode estar en contra da dignificación da